

Como sabedes este ano adicamos o Día das Letras Galegas a Ricardo Carballo Calero, vouvos contar algo sobre el:

Fixo historia ao se converter en 1972 en catedrático universitario de Lingüística e Literatura Galega. Por primeira vez o noso idioma e as nosas letras entraban pola porta grande da universidade.

Para comprender como foi posible temos que viaxar ao pasado. Entramos na cápsula do tempo e viaxamos a 1926. Aí está o Ricardo, un estudante novísimo que chega a Santiago de Compostela con iguais doses de nervios e ilusións. Aqueles primeiros días deixounos reflectidos moitos anos despois na novela *Scórpio* (1987), onde as lembranzas da súa etapa universitaria ocupan un espazo moi destacado.

Malia ter que residir nunha hospedaxe modesta, foi un afortunado. Nunha época na que a inmensa maioría da xente apenas cursaba os estudos primarios, el tiña a oportunidade de estudar unha carreira. A diferenza do número de persoas que estudaban na Galicia de 1900 e as que o fan en 2020 eran de 1.000 a 60000.

Esta etapa será decisiva na súa vida. Eu procedía dunha familia onde non había universitarios, a vida universitaria foi para min revelación en moitos aspectos e sempre me recoñecín universitario. Foi un estudante excelente que acabou con notas brillantes dúas carreiras: a de Dereito e a de Filosofía e Letras. Tamén tivo tempo para o ocio. Sabes cal era o principal entretemento do mozo Ricardo e dos seus compañeiros? Aquí nolo conta!

Os estudantes non dispoñiamos de demasiados medios para frecuentar os cafés ou as tabernas. De maneira que o paseo era unha práctica social moi utilizada. Naqueles momentos de lecer coñeceu a que sería a súa muller: María Ignacia Ramos, unha moza que estudaba Filosofía e Letras. Se ser universitario era un privilexio, ser universitaria, nuns anos en que nin sequera está permitido o voto feminino en España, era case unha heroicidade. Daquela había moi poucas mulleres. En Dereito practicamente ningunha. Recordo unha que era dunha familia moi coñecida de banqueiros en Santiago e era a única ou case a única que estudaba Dereito. En Filosofía e Letras estudaban algunhas máis.

ACTIVIDADE

1. Seguro que tes na familia ou na veciñanza algunha persoa universitaria. Fala con ela (sempre respetando as distancias e usando, se tes, mascarilla) para ver como é a súa vida: Que estuda? Onde vive? Como é o seu tempo de lecer? Cóntanolo nunha redacción dun folio.
2. Le este anaco de obra de Carballo Calero e responde ás preguntas:

Un refacho de vento de sócoto, conmoveu o ar. E unha nube moura esvarou polo ceo. Laiáronse as árbores docemente, e axiña se velou o sol. A bóveda azul fíxose gris e fría. E a chuvia comenzou a caer.

Era unha chuvia de verán, torrencial, esmagadora. A terra seca bebeu arelosamente as primeiras augas. Logo, enchente, rexeitou beber máis. Charcos e miúdos regueiros xurdiron entre a lama.

Alampou un lóstrego. Como se un carro de patacas emborcase a súa carga, a rolar, polo teito do ceo, o trebón retumbou.

Que foi o que conmoveu o ar?

1. Un sócoto.
2. A chuvia.
3. Unha nube moura.
4. Un refacho de vento.

A que se refire o texto cando fala da bóveda?

1. O ceo.
2. As árbores.
3. A chuvia.
4. A treboada.

Que xurdiu entre a lama?

1. Auga.
2. Rás.
3. Charcos e regueiros.
4. Un carro de patacas.

Que retumbou no ceo?

1. Un trebón.
2. O teito.
3. Un lóstrego.
4. A chuvia.

3. Busca e coloreas estas seis palabras: vento, chuvia, sol, lóstrego, trebón, nube.

Z	I	S	G	Ó	F	E	U	L	Ñ	A	E
C	A	I	O	M	B	B	M	Ó	R	N	Z
V	A	V	O	L	H	V	A	A	Z	A	C
Q	Q	P	O	Z	I	L	U	E	O	V	T
L	H	X	Q	L	S	Ó	Ó	N	V	Q	R
P	P	R	N	Q	M	S	E	U	E	V	E
Q	P	D	E	V	H	T	N	B	N	C	B
G	Q	F	N	U	E	R	M	E	T	R	Ó
C	H	U	V	I	A	E	A	E	O	U	N
I	Ñ	T	X	G	O	G	D	O	M	H	Z
Ó	R	P	L	Z	Ó	O	X	M	C	Ó	N
I	Ó	Ñ	Z	T	T	N	Z	P	G	S	C

4. COÑECES ESTES REFRÁNS? UNE CADA PRINCIPIO CO SEU FINAL.

Auga en febreiro	augas mil.
En abril	e xaneiro xeados
Nadal mollado	auga de todo o día
Auga de mediodía,	mellor ca en xaneiro.
Brétemas no alto	chuvias no baixo.